


MISA CON NENOS

5 de novembro 2017

ORDINARIO 31º-A

Mateo 23,1-12: "Os fariseos poñen cargas pesadas á xente, pero eles non fan nada".

**Mensaxe: Cando tantos pesos me esmagan,
O teu AMOR é a chave que LIBERA.**



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Benvidos á eucaristía neste domingo 31 do tempo ordinario. Logo dos días en que festexamos os santos e rezamos polos defuntos, Xesús fainos varias chamadas: que fagamos o que dicimos, que non sexamos orgullosos nin busquemos os postos de renome, e para rematar que aprendamos a ser servizais poñéndonos á disposición dos demais. Pidamos hoxe ao Señor que este sexa o estilo de vida de todos os que formamos a Igrexa pero especialmente dos que teñen cargos de responsabilidade nela.

2. PERDÓN

Ao Deus cuxo amor nos libera e sanda, pedímoslle perdón.

- Ti que cumpres a palabra, e apoias o que dis cos feitos. **Señor, ten piedade.**
- Ti que viñeches non a ser servido senón a servir a todos. **Cristo, ten piedade.**
- Ti que condenaches a soberbia, o orgullo e o buscar os primeiros postos. **Señor, ten piedade.**

3. PALABRA DE DEUS

O texto do profeta Malaquías que agora escoitamos, predisponnos a entender o Evanxeo que se nos lerá despois. Transmitir o Evanxeo, evanxelizar, non é só predicar uns contidos teóricos, senón transmitir un xeito de vivir: o xeito de ser de Deus, o estilo de vida de Xesucristo. Se o que facemos non coincide co que dicimos, somos uns hipócritas e a nosa vida convértese nun escándalo para os demais. Escoitemos a Palabra de Deus.

4. PETICIÓNS

Oremos ao Señor, noso Deus dicindo

-Escótanos, Señor.

1. Para que a Igrexa sexa lugar de encontro de irmáns. **Oremos.**
2. Para que os que teñen cargos na Igrexa sexan servizais e servidores. **Oremos.**
3. Para que nunca nos deixemos levar pola mentira, as aparencias ou o desexo de dominar os outros. **Oremos.**
4. Para que vivamos segundo nos indica a nosa conciencia e nos deixemos guiar por ela. **Oremos.**
5. Para que sexamos sinceros e comprensivos con todos sen aspirar a ser máis que os outros. **Oremos.**
6. Para que os mozos que senten a chamada de Deus a acollan na súa vida e se deixen querer por el. **Oremos.**

Escoita Pai a nosa oración e que o teu amor nos libere das nosas escravitudes. Por XCNS.

5. OFRENDAS

-CARTEIS "SI" e "NON" Con estas palabras "SI" e "NON" queremos simbolizar neste día aquilo que ás veces facemos con Xesús: dicimos que "SI" pero logo, coa nosa vida, facemos aquilo que nos convén cun "NON".

-CARTEIS COAS PALABRAS AMOR, XUSTIZA, VERDADE, ALEGRÍA, ESPERANZA, DEUS, CRISTO, CEO E FAMILIA:

Con estas palabras: amor, xustiza, verdade, alegría, esperanza, Deus, Cristo, ceo e familia queremos comprometer nos ante Xesús a ser precisamente iso que o mundo tanto necesita e que bota de menos: PERSOAS DIFERENTES

-PAN E VIÑO: Co PAN E O VIÑO, simbolizamos o máis grande do domingo, do Día do Señor. A Misa é unha mesa na que nos facemos fortes e recuperamos a alegría para seguir camiñando. Grazas, Señor!

6. POSCOMUÑÓN: *Que eu diga e faga.*

Señor, que eu diga e faga.

Se digo AMOR..... que ofrezca o perdón aos demais.

Se digo XUSTIZA..... que non busque só o meu propio ben.

Se digo VERDADE..... que me afaste da mentira.

Se digo DEUS que non adore a ninguén máis que a el.

Se digo XESUS que lle siga facendo o que el fixo.

Se digo ESPIRITO que sinta a súa presenza.

Se digo IRMÁN que trate ben as persoas.

Se digo CREO EN TIque non dubide do Señor.

Se digo ESPERO EN TIque me acorde do Señor.

Se digo SOMOS IRMÁNSque non busque vinganza.

Grazas, Xesús, por todo o que nos dis.

Grazas, Xesús, por todo o que fixeches.

Grazas, Xesús, porque nos invitas -coma ti-.

a facer o que ti dixeches e fixeches por nós. Amén.

7. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Ord-31-A

-Mt. 23,1-12. A hipocrisía e a vaidade dos escribas e fariseos:

<https://www.youtube.com/watch?v=dAQ4SzvNlcU>

-Xesús e os fariseos: <https://www.youtube.com/watch?v=9Jf1AhQGKho>

-Xesús reprende os fariseos: <https://www.youtube.com/watch?v=G1B-Cc1OhXE>

-Boas noticias, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=y3zZ5bg4YEI>

-Domingo 31-A: <https://www.youtube.com/watch?v=93r0nhLsZy4>

